



RECOMENDACIÓNS PARA A INTRODUCCIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE TELECOMUNICACIÓN EN PLANS URBANÍSTICOS MUNICIPAIS

A recente entrada en vigor da Lei 9/2014, de 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións, establece a obrigatoriedade de que **toda a normativa urbanística municipal** que se tramite teña que pasar un novo trámite de **informe sectorial vinculante de conformidade** coa mesma (apartado 2 do artigo 35 da Lei 9/2014).

Este informe sectorial ten que ser emitido polo Ministerio de Industria, Energía e Turismo (en adiante, **MINETUR**), e o seu obxectivo é que as infraestruturas de telecomunicacións nos concellos se contemplen do mesmo xeito que as outras infraestruturas de **servizos de interese xeral**, categoría na que inclúe as telecomunicacións.

Para elo, a Lei 9/2014 indica unha serie de directrices para que os plans contemplen as infraestruturas de telecomunicacións, con indicacións sobre que deben e que non deben de incluír. Aínda así, fía a un desenvolvemento regulamentario posterior a definición de recomendacións a incluír en ditos plans.

Por outra banda, a Lei 3/2013 de 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia, xa se adiantaba na priorización dos despregamentos de infraestruturas de telecomunicacións para o desenvolvemento económico e social de Galicia, avanzando na mesma medida de incorporación das infraestruturas de telecomunicación nos planeamentos urbanísticos municipais. Tamén neste caso o desenvolvemento regulamentario está pendente, polo que non está dispoñible un documento base de referencia para incorporar as infraestruturas de telecomunicación aos plans, senon unha serie de directrices xerais.

Todo isto sen prexuízo da posible redacción dunha nova Lei do Solo, que de seguro afectaría á redacción dos novos planeamentos urbanísticos.

A vista de todo elo, e dado que a **obrigatoriedade de ter aprobado o informe sectorial de telecomunicacións do MINETUR para o planeamento novo é unha realidade inmediata**, dende a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG), no marco de colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) en virtude do convenio suscrito o 16 de abril de 2015, temos preparada as presentes recomendacións para a incorporación de infraestruturas de telecomunicación no planeamento municipal, co obxecto de axudar a que o planeamento, primeiro, se tramite o mellor posible, e, sobor de todo, teña os contidos axeitados para a consecución do informe favorable do MINETUR.



Dado que as dúas leis referidas anteriormente se atopan pendentes de desenvolvemento regulamentario, trátase que estas recomendacións señan coherentes con elas, de xeito que seña mais sinxelo conquistar o informe favorable do MINETUR, e ademáis se de cumprimento a ámbalas dúas leis. Neste senso cómpre reseñar que a elaboración destas recomendacións, aínda que fundada na lexislación sectorial vixente na actualidade, responde á interpretación por parte da AETG das directrices marcadas en dita lexislación.

A nosa primeira recomendación como Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia é que se incorpore aos proxectos de plans urbanísticos un proxecto de infraestruturas de telecomunicacións realizado por un profesional competente en materia de telecomunicacións. E un campo no que xa se ten experiencia en redacción de proxectos dende o ano 1999, coa implantación das ICT, infraestruturas comúns de telecomunicacións nos edificios.

De todos os xeitos, incluímos de seguido as recomendacións básicas para redactar unha **MEMORIA TÉCNICA DE INFRAESTRUTURAS DE TELECOMUNICACIÓNS** para engadir a calquer documento de planeamento.

Evidentemente a complexidade e nivel de detalle da memoria técnica será moi variable, do mesmo xeito que o son os documentos de planeamento. Non é o mesmo unha modificación puntual para urbanizar unha parcela de 10.000 metros cadrados dentro dun núcleo urbano que un PXOM, pero as recomendacións básicas sí son comúns a todos eles.

RECOMENDACIÓNS:

- 1.- Recoller entre a lexislación sectorial de aplicación a **Lei 9/2014 e a Lei 3/2013**.
- 2.- Xuntar todas as **mencións ás infraestruturas de telecomunicacións** do documento de planeamento, referindo a súa posición no mesmo na **MEMORIA TÉCNICA DE INFRAESTRUTURAS DE TELECOMUNICACIÓNS**.
- 3.- Incluir de forma separada o **presuposto vinculado a planeamentos asociados as infraestruturas de telecomunicacións**.



4.- Incluir un inventario das infraestruturas de telecomunicación existentes na zona afectada e na súa contorna que lle poidan dar servizo a mesma.

Este punto obedece tanto á Lei 9/2014 coma á Lei 3/2013, e ademais e de utilidade evidente de cara a planificación das infraestruturas futuras. Ademais a identificación nas contornas é especialmente útil nos instrumentos de alcance inferior ao municipio (modificacións puntuais, plans parciais, plans especiais, etc).

Na medida que sexa posible dispoñer da información e resulte de interés para os fins do instrumento de planeamento en cuestión, trataráse de identificar e documentar de xeito gráfico, preferentemente en planos con fotografías, e idealmente con arquivos de información xeográfica “GIS”, de tipo .kml ou .shp, que se poidan visualizar en un sistema de información xeográfica do tipo de “ArcGis” ou “Google Earth”, os seguintes elementos:

- Infraestruturas de telecomunicacións **de titularidade municipal** coma reemisoros municipais de televisión, depósitos de auga, torres de comunicacións propias (radio municipal), canalizacións soterradas, infraestruturas smart ou outras.
- Infraestruturas de telecomunicacións **doutros axentes** das que o consistorio teña **constancia a través de trámites municipais** coma a concesión de licenzas, recepción de comunicacións previas ou pagamento de taxas (centrais telefónicas, canalizacións, estancións base de telefonía móbil, redes de emerxencias, estancións de televisión e radiodifusión sonora...).
- Infraestruturas de telecomunicación **doutros axentes con información dispoñible de fontes públicas** ou mediante procesos de consulta pública, entre elas:
 - o Centrais telefónicas próximas, preferentemente as que den servizo a zoa.
 - o Principais elementos dos pespregamentos das infraestruturas terrestres, tales coma armarios, arquetas e canalizacións (soterradas, por fachada, tendidos aéreos) das diferentes empresas operadoras de telecomunicacións.
 - o Estancións base de telefonía móbil próximas.
 - o Estancións de televisión e radiodifusión sonora que den servizo a zoa.

5.- Respetar na redacción dos instrumentos de planeamento as previsións da Lei 9/2014, e en especial os artigos 29, 30, 31, 32, 34, 35, 36, 37 e 45. Debe facerse mención á conveniencia de non vetar de xeito absoluto os despregamentos de



Asociación
de Enxeñeiros
de Telecomunicación
de Galicia

cableados por fachada ou aéreos (salvo nos casos de protección do Patrimonio), nin propoñer **solucións técnicas concretas** ou itinerarios concretos, xa que así o indica expresamente a Lei 9/2014 Xeneral de Telecomunicacións entre outros elementos a ter en consideración.

En canto a **solucións para as infraestruturas descritas no planeamento, aconsellamos a súa inclusión en forma de proposta técnica pendente de replanteo**, deixando claro que a solución final, se afecta as empresas operadoras de telecomunicacións, será establecida con elas, buscando a maior eficacia técnica e económica.

6.- No caso de definir canalizacións, tanto soterradas coma aéreas ou por fachada, aconséllase dimensionalas, sempre de xeito orientativo, de acordo coas normas **UNE da serie 133100**, xa que é a base técnica mais probable para o desenvolvemento regulamentario futuro.

A Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG), no marco de colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) en virtude do convenio suscrito o 16 de abril de 2015, ofrece ás entidades locais soporte centralizado para resolver dúbidas sobre estas recomendacións conforme ao criterio da AETG e outras cuestións sectoriais no eido das telecomunicacións. Para resolver estas dúbidas a AETG pon a disposición dos concellos o teléfono 981 91 35 76 en horario de luns a venres de 9:00 a 14:00h e o enderezo de correo electrónico oficinaconcellos@aetg.gal.



Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG), 2015

Esta obra licénciouse coa Licenza Creative Commons Atribución-CompartirIgual 4.0 Internacional.
Para ver unha copia desta licenza, visite <http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>.



Asociación
de Enxeñeiros
de Telecomunicación
de Galicia

ANEXO: NOTAS SOBRE A TRAMITACIÓN DA NORMATIVA DE URBANISMO DOS CONCELLOS QUE AFECTE A INFRAESTRUTURAS DE TELECOMUNICACIÓN ANTE O MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERGÍA Y TURISMO

Os documentos deben enviarse en CD ou calquera outro soporte dixital (DVD, pendrive USB, etc.), en formato PDF, acompañados dun escrito no que se indique:

Instrumento de planeamento incluído (Plan xeral, plan parcial, ordenanza, etc.)

O obxecto, sometelo a informe sobre a adecuación de dito instrumento de planificación coa Lei 9/2014, do 9 de maio, de Telecomunicacións, coa normativa sectorial de telecomunicacións e sobre as necesidades de redes públicas de comunicacións electrónicas no ámbito territorial ao que se refiran.

Todo elo conforme ao artigo 35, punto 2 de dita Lei.

Este escrito e documentación dixital dirixiranse a:

Subdirección General de Redes y Operadores de Telecomunicaciones
Secretaría de Estado de Telecomunicaciones y para la Sociedad de la Información
Ministerio de Industria, Energía y Turismo
Paseo de la castellana nº 160
28046 – Madrid

E poderán ser enviados directamente dende o Concello, ou entregados na Xefatura Provincial de Inspección de Telecomunicacións correspondente, dende onde llo farán chegar aos servizos centrais.

As direccións das xefaturas provinciais son:

A Coruña

Rúa Ambrosio Feijoo, s/n 3ª planta (edf. principal Correos)
15071 A Coruña
Teléfono: 981 14 07 96 Fax: 981 14 88 23
email: jpacoruna@minetur.es

Lugo

Ronda da Muralla, 131 baixo
27004 Lugo
Teléfono: 982 26 52 31 Fax: 982 26 52 99
email: jplugo@minetur.es

Ourense

Rúa Santo Domingo, 64
32003 Ourense
Teléfono: 988 39 10 12 Fax: 988 39 17 77
email: jporeense@minetur.es

Pontevedra

Rúa Michelena, 28 - 5ª Planta (Antigo Banco de España)
36001 Pontevedra
Teléfono: 986 86 66 82 Fax: 986 86 69 43
email: jpontevedra@minetur.es